

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 23-03-2023, ditou a resolución con número 760/2023 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

**Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a contratación de duración determinada a tempo parcial (7 horas/día) mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dun/dunha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”, correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma (persoas traballadoras desempregadas) para os exercicios 2022/2023.**

#### **Antecedentes.**

**Primeiro.-** Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 605/2023 de 3 de marzo de 2023 (*corrección de erros núm. 685/2023 de 15 de marzo de 2023*) aprobáronse as bases e a convocatoria para a selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”.

O prazo de presentación de instancias, de acordo coa base terceira, parágrafo 3.1 é de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**Segundo.-** Publicouse o anuncio da convocatoria no BOP núm. 47 de 9 de marzo de 2023.

**Terceiro.-** Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na base cuarta da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), ao non existir aspirantes excluídos/as e en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”. Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

**Segundo.-** Designar o tribunal cualificador previsto na Base quinta da convocatoria que estará composto polos seguintes membros:

#### **Presidente:**

- Titular: D. **Miguel Piñeiro Souto**, secretario do concello de Carballo.  
Suplente: D<sup>a</sup>. **Susana Mariño Lorenzo**, técnica de administración xeral do concello de Carballo.

#### **Vogais:**

- **Titular 1º:** D. **Juan José Lorenzo Pose**, servizo de formación e emprego do concello de Carballo.  
**Suplente 1º:** D. **Carlos Collazo Martínez**, técnico superior de administración especial.
- **Titular 2º:** D<sup>a</sup>. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, axente desenvolvemento local o concello de Laracha.

**Suplente 2º:** D<sup>a</sup>. **Rosa María Sánchez Martínez**, axente desenvolvemento local do concello de Vimianzo.

➤ **Titular 3º:** D. **Jesús Gende Gerpe**, aparelador do concello de Carballo.

**Suplente 3º:** D **Francisco Javier Fraga Piñeiro**, xefe de servizo de habilitación e recadación.

#### **Secretaria/o:**

➤ Titular: D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.

Suplente: D<sup>a</sup>. **M<sup>a</sup> Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Terceiro.-** De acordo coa base 5.4 da convocatoria, nomear como asesora do tribunal que actuará con voz e sen voto, a D<sup>a</sup>. **Milagros Antelo Cameán**, técnica de orientación laboral do concello de Carballo.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros da comisión da avaliación para a constitución do tribunal e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 28 de marzo de 2023 as 10:00 h.** na Sala de Xuntas do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

**Quinto.-** Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, e con carácter complementario na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

## ANEXO I.

**Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso oposición para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (7 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”.**

DOCENTE - SOLDADURA OXIGAS E SOLDADURA MIG/MAG			
Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	FORMOSO CORRAL	JOSE MANUEL	***4477**
2	MAHIA GARCIA	ADOLFO JOSE	***9349**

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto